

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2023-24

IES A Sardiñeira

Aprobada en Claustro e Consello escolar a 27/09/23



Índice

1.	DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.....	4
2.	OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.....	4
3.	HORARIO XERAL DO CENTRO.	9
	3.1 Horario lectivo do centro.....	9
	3.2 Apertura e peche do centro en período escolar.....	10
	3.3 Administración.	10
	3.4 Horario de dispoñibilidade para uso do alumnado da Biblioteca.....	10
	3.5 Pavillóns.	10
4	ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	11
5	ORGANIZACIÓN ESCOLAR.....	12
	5.1 Equipo directivo.	12
	5.2 Datos alumnado ESO	12
	5.3 Datos alumnado Bacharelato	12
	5.4 Datos alumnado ciclos formativos.	12
	5.5 Datos profesorado.....	13
	5.6 Datos persoal non docente.....	13
	5.7 Departamentos. Xefes de departamento e membros de cada departamento	13
	5.8 Comisión de Coordinación pedagóxica. CCP	17
	5.9 Tutores de grupo. Curso 23-24.....	18
	5.10 Consello Escolar.....	20
	5.11 Equipo de Biblioteca	21
6	CALENDARIO ESCOLAR DO CURSO 2023-24.....	21
7	OFERTA FORMATIVA PARA O CURSO 23-24.....	24
	7.1 ESO e Bacharelato.....	24
	7.2 Oferta Ciclos formativos	25
8	ORZAMENTO DO CENTRO.....	28
9	PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	29
10	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E APLICACIÓN NO PRESENTE CURSO.	29
11	DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.	31
12	DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.	32

13	UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.	35
14	PLAN ANUAL DE LECTURA.	38
15	INTEGRACIÓN DAS TICS: Plan Dixital.	38
16	NORMAS DE CONVIVENCIA	39
17	AVALIACIÓN DA PXA.....	40

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.

Código do centro:15027770

Nome do centro: IES A Sardiñeira

Titularidade: Somos un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia.

Domicilio e teléfono: Avenida da Sardiñeira, 41. CP 15008 A Coruña. 881 960 150

e-mail: ies.sardineira@edu.xunta.gal

Etapas educativas e unidades: ESO, Bacharelato, 1º e 2º, Ciclos formativos, de grao medio e superior, da familia química, FP Dual.

2. OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

- Crear o Plan de acollida curso 23-24.
- Poñer en funcionamento o Plan de Igualdade, enmarcado no Plan de Convivencia, en elaboración.
- Revisar os documentos de centro e, se procede, engadir modificacións.
- Valorar e elevar a debate a conveniencia de solicitar o cambio de horario de ESO e BAC, co gallo de suprimir as horas lectivas da tarde, ubicándoas en horario de mañá.
- Facilitar ás familias o coñecemento puntual do funcionamento do centro.
- Continuar blogue de Vicedirección: www.sardiplus.blogspot.com
- Actualizar constantemente da información publicada na web do centro.
- Enviar circulares mensuais (organización e o funcionamento do centro, inicio de curso, autorizacións e permisos, saídas escolares...) pero reducindo ao máximo o papel e encamiñar a comunicación hacia a transformación dixital.
- Favorecer a comunicación coas familias mediante as facilidades do Espazo Abalar e subscripción do profesorado e de nais e pais na plataforma Abalarmóbil, a fin de que

estes últimos reciban información puntual do centro, como convocatorias, avisos e incidencias.

- Apoiar a labor da ANPA e celebrar reunión periódicas de coordinación.
- Potenciar a implicación e a participación das familias nas actividades do centro: xornada de convivencia, etc
- Continuar a seguir as consignas do Plan de Comunicación do centro co gallo de optimizar as comunicación internas e externas.
- Realizar tutorías baixo requirimento dos proxenitores ou profesorado.
- Incorporar nas programacións didácticas do uso das ferramentas TIC. Emprego normalizado en tódalas materias dos equipos informáticos e audiovisuais das aulas, da aula virtual e aulas de informática.
- Optimizar o uso das aulas virtuais no centro e impulsar o uso entre o profesorado mediante a formación.
- Mellorar o uso das TICS no desenvolvemento da práctica educativa.
- Dinamizar e impulsar o PAT o PAD e outros documentos elaborados polo departamento de Orientación.
- Colaborar estreitamente co Departamento de Orientación: Equipo directivo, titores/as e profesorado en xeral.
- Apoiar as medidas de Atención á diversidade e prestar especial atención ás demandas das familias con NEEE ou NEAE co gallo de facilitarlles o apoio académico aos seus fillos/fillas.
- Impulsar o funcionamento da Xunta de delegados.
- Revisar e actualizar o Proxecto Lingüístico do centro.
- Aplicar e apoiar (con novos fondos, actividades) o Proxecto lector.
- Reforzar a colaboración dos Departamentos a través das CCP que celebraranse, con carácter xeral, mensualmente.
- Solicitar o Plan PLAMBE.
- Solicitar Clubes de lectura.

- Dinamizar a Biblioteca, ofrecendo ao noso alumnado un espazo seguro, de lecer e aprendizaxe a través da literatura e outras actividades.
- Impulsar o ensino do xadrez.
- Solicitar o programa Recupérate: PROA+
- Desenvolver o Programa de PDC.
- Solicitar os Contratos Programa CP Innova (liñas Edu Excelencia, Edu Saúde, Edu Sostibilidade.) e CP Inclúe (liñas Iguála-T, Inclúe-T, Convive-T)
- Solicitar os Plans proxecta+ (RCES, Correspondentes Xuvenís, Apuntámonos a non beber).
- Solicitar o programa Cinema na aula
- Solicitar os programas de Auxiliares de conversa: inglés e francés
- Valorar as fortalezas do centro e solicitar, se procede, a incorporación á rede de centros plurilingües, en consoancia cos centros da nosa contorna.
- Continuar o Club de Ciencias.
- Fundar o Club de artes e humanidades do centro.
- Solicitar os programas de Educa Coruña.
- Solicitar o Plan Director.
- Continuar cos Grupos de traballo. Liñas solicitadas:
- Actualización documentos de centro, convivencia, novas tecnoloxías e artes e humanidades.
- Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia: Aulas de Emprendemento na formación profesional.
- Campionato galego de Formación profesional: Galiciaskills 2023.
- Proxectos de innovación da Consellería de Educación e do Ministerio de Educación.
- FP Innova.
- Proxectos Erasmus.
- PFFP.

- o Outras convocatorias relativas á FP.
- o Actualmente o Departamento de Ciclos participa no Proxecto de innovación do Ministerio Digital Twin Boxes.
- o Edu France : Intercambio rexión académica de Bretaña.
- o Atender en todo o posible as necesidades económicas dos Departamentos.
- o Coordinar a través de Vicedirección a ocupación das aulas específicas.
- o Coordinar e consolidar unha Semana Cultural interdepartamental con actividades de calidade pedagóxica que fomenten o deporte, os hábitos de vida saudable e hábitos de convivencia.
- o Aumentar a comunicación con centros de primaria e secundaria da cidade (xornadas de portas abertas), para visibilizar o noso centro especialmente ao alumnado de centros adscritos.
- o Desenvolver medidas de apoio para o alumnado con NEAE e NEEE.
- o Potenciar Plans de lectura.
- o Acreditar o centro, persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia ao amparo da Orde do 18 de abril de 2011 (DOG 13 de maio de 2011). Desenvolver as accións previstas.
- o Solicitar á Consellería a ampliación das paradas da ruta da cidade e/ou a recuperación da liña suprimida.
- o Desenvolver o Plan de autoprotección do centro. Realización de sesións formativas para dar a coñecer o plan e de dous simulacros de evacuación do centro.
- o Dar de alta no programa de Alerta escolar ao alumnado con diversas patoloxías e facilitar ao profesorado e persoal non docente a información necesaria.
- o Remitir novamente os informes sobre necesidades estruturais do centro e solicitar fondos á Consellería para que acometan estas obras, principalmente a reparación do tellado e lucernario de Ciclos Formativos, pavillóns, peche perimetral,... e outras obras moi custosas.

- Manter limpas e coidadas as instalacións do centro: xardíns, patios, pistas, interior dos edificios, pavillóns...e intervir a través do proxecto patio, enmarcado nos Contratos programas e proxectos competenciais.
- Aplicar actividades e estratexias de mediación escolar. Continuar ca formación do alumnado.
- Consolidar o noso equipo de alumnos/as mediadores/as xa constituído e darlles sesións de formación de refresco.
- Consolidar a Comisión de convivencia e rematar o Plan de convivencia do centro, atendendo especialmente á mediación, aula inclusiva e espazos de convivencia como a biblioteca escolar.
- Consolidar a preparación e presentación ás probas DELF do noso alumnado e presentación do alumnado para a certificación, igualmente, do nivel de inglés.
- Establecer reunións periódicas de Xefatura de estudos cos titores/as e Orientación de forma periódica.
- Realizar reunións, cando sexa necesario, co profesorado dun grupo cando deban tratarse asuntos de importancia para a docencia nun aula, seguridade ou benestar dos alumnos/as,...
- Impulsar a Mellora da Calidade educativa a través dunha dinamización específica que permita diagnosticar dificultades, ofrecer oportunidades e procurar a busca de actividades e propostas de alta calidade pedagóxica.
- Impulsar e celebrar as xornadas de portas abertas, co gallo de dar a coñecer o instituto e o noso proxecto á futura comunidade educativa.
- Impulsar a organización de Xornadas varias (orientación, visibilización do noso centro, portas abertas, estudos post-obrigatorios) co gallo de optimizar a comunicación ca comunidade educativa e outros centros da cidade.
- Impulsar proxectos colaborativos de docencia para mellorar o éxito académico do alumnado.
- Darlle continuidade aos recreos dinámicos e outras iniciativas que favorezan a inclusión.
- Poñer en marcha o grupo de adquisición de linguas para o alumnado con

descoñecemento das linguas oficiais.

- o Potenciar as actividades complementarias e extraescolares en galego, así como o uso desta lingua en todos os espazos e momentos da vida escolar.
- o Impulsar o uso da lingua galega entre as familias e o alumnado procedente do estranxeiro ou doutras rexións do Estado, visibilizando e fomentando a cultura e a lingua da nosa comunidade.
- o Mellorar a cartelaría do centro, favorecendo a inclusión de todo o alumnado.
- o Mellorar a cartelaría do centro para visibilizar os programas de ciclos formativos (plurilingüismo) e o edificio, en xeral.
- o Impulsar e apoiar os programas de Ciclos formativos e a visibilización dos nosos ciclos.
- o Elaborar un protocolo interno para a acollida e adaptación do alumnado de incorporación tardía.
- o Mellorar os accesos ao centro. Cambio da porta de entrada acceso edificio gris.
- o Reformar o salón de actos (antiga sala de usos múltiples) para optimizar este espazo.

3. HORARIO XERAL DO CENTRO.

3.1 Horario lectivo do centro

- No edificio de secundaria e bacharelato, o horario é o seguinte:
 - Mañás de luns a venres: de 8.45 h a 14.25 h, seis sesións de 50 min con dous descansos de 20 minutos despois da 2ª e da 4ª sesión.
 - Tarde do martes de 16.30 h a 18.10 h, dúas sesións.
- No edificio de ciclos formativos, o horario é o seguinte:
 - Mañás de luns a venres de 8.45 h a 14.15 h, seis sesións de 50 min con un descanso de 30 minutos despois da 3ª sesión.
 - Tardes de 16.30 h a 21.30 h, con sesións de 50 min. Sen período de descanso.

3.2 Apertura e peche do centro en período escolar.

Durante o período lectivo, o centro abrirá e pechará cunha marxe de 10 minutos respecto do horario lectivo co fin de facilitar a entrada e a saída do alumnado.

3.3 Administración.

A oficina administrativa estará aberta ao público co seguinte horario.

1 setembro - 15 de xullo:

Mañás: de 8.45 h a 14.15 h.

Tarde dos martes: 16:30 h a 18:30 h. Horario de verán.

Do 1 ao 7 de xullo: 9:00h a 14:00h

Do 10 ao 31 de xullo: de 9:30h a 13:00h

Agosto:

Atenderase ao público na secretaría on line, no correo electrónico do centro, e telefónicamente nas horas indicadas na web, con cita previa, presencialmente tres días ao mes.

3.4 Horario de dispoñibilidade para uso do alumnado da Biblioteca.

A biblioteca permanecerá aberta para o alumnado e, en xeral, para toda a comunidade educativa, nos recreos. Está aberta, ademais, noutro horario que estará publicado na biblioteca.

3.5 Pavillóns.

Están abertos para o alumnado durante as clases de Educación Física. Son compartidos co colexio Xosé Cornide e outras asociacións (Basquet Coruña, Asociación de Tiro con Arco Adarve e ANPA Xosé Cornide) fóra do horario lectivo por aprobación do Consello Escolar a 14.09.21 e actividades ANPA do IES A Sardiñeira (Consello escolar 7.09.22).

4 ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte:

O IES A Sardiñeira conta con transporte escolar, para o alumnado que o precise.

O transporte do alumnado está concedido ás empresa Autocares Vázquez (liña 2) e Monbus (liña 1).

Liña 1

Avda Finisterre-Ronda de Outeiro

Rda. Nelle, 73

Rda. Nelle, 9

IES A Sardiñeira

Liña 2

Estrada de Mesoiro, 90

Avenida Novo Mesoiro, 10

Ribeira Sacra,3

IES A Sardiñeira

Ao rematar cada xornada o transporte escolar fai o percorrido inverso para deixar a cada alumno na parada que lle corresponda.

Cafetaría:

Non hai servizo de comedor.

O uso da cafetaría está limitado á comunidade educativa no horario de apertura do centro.

O alumnado non poderá facer uso da cafetaría, sen profesorado, despois do horario lectivo (martes ao medio día incluído).

Armariños.

O alumnado ten a opción de solicitar un armariño, atendendo ao regulamento publicado na sección [Alumnado](#)

Este curso contamos con 184 armariños.

5 ORGANIZACIÓN ESCOLAR.

5.1 Equipo directivo.

Dirección: Begoña de Blas Fernández

Xefatura de Estudos diurno: María José Bascuas Domínguez

Xefatura de Estudos nocturno: Mariano Pazos Afonso

Vicedirección: Esther Tarrío Tato

Secretaria: Aurelia E. Rivero González

5.2 Datos alumnado ESO

Hai 295 alumnos/a

5.3 Datos alumnado Bacharelato

Hai 71 alumnos/as.

5.4 Datos alumnado ciclos formativos.

Hai 212 alumnos/as

Total alumnado a 20 de setembro de 2023: 578 alumnos/as.

5.5 Datos profesorado.

Somos un total de 65 profesores e profesoras. Na ESO e Bacharelato, somos 43 profesores e profesoras. En ciclo formativos hai 22 profesores e profesoras da familia Química e FOL.

5.6 Datos persoal non docente.

Na actualidade o equipo de Persoal Non docente está composto por 2 administrativos, 3 conserxes e 5 traballadoras no servizo de limpeza. Ademais contamos cunha coidadora, unha intérprete de signos e auxiliar de conversa inglés.

5.7 Departamentos. Xefes de departamento e membros de cada departamento

Claustro profesorado 23-24

Equipo directivo

Xefaturas de Departamento

Outros cargos

*Soamente están reflectido o persoal definitivo. Contacten cos xefes de Departamento ou equipo directivo para coñecer os correos do persoal substituto.

Ciclos Formativos.

Departamento da Familia Profesional química

Álvarez López, Ana Belén: ana.alvarez.lopez@edu.xunta.gal (Dinamizadora da relación con empresas)

Bares López, María Isabel: maria.isabelbares@edu.xunta.gal

Blanco-Rajoy Sánchez, Ana María: anabrajoy@edu.xunta.gal (Coordinadora FCT)

Cortizas Varela, Amador: acvarela@edu.xunta.gal

Criado Montero, Aurora: aurora_criado@edu.xunta.gal

de Paz Villasenín, Carlos Isolino: cdepaz@edu.xunta.gal

Derungs Ollero, Irene: iderungs@edu.xunta.gal

García Caamaño, José Ángel: jose.angelgarcia@edu.xunta.gal

Lista Periscal, Yolanda: yolandalista@edu.xunta.gal

López Méndez, Ana María: anamaria.lopez@edu.xunta.gal

Macía Rodríguez, María Pilar: pilarmacia@edu.xunta.gal

Moldes Peñas, Jesús Miguel: jmmoldes@edu.xunta.gal

Pazos Afonso, Mariano: mpazoa@edu.xunta.gal (Xefatura de estudos adulto-responsible Moodle)

Ponte Justo, Olalla: oponte@edu.xunta.gal

Rivero González, Aurelia Encarnación: arivero@edu.xunta.gal (Secretaria)

Roca , María Jesús: mariajesusroca@edu.xunta.gal

Rojo Oróns, Rosa: rosarojo@edu.xunta.gal

Santos Beade, Elisa: elisa.santos@edu.xunta.gal

Souto Rodríguez, Alba: albasr@edu.xunta.gal

Varela Tato, Manuela: m.varela@edu.xunta.gal

Departamento de Formación e orientación laboral

Canosa López, Ana María: acanososa@edu.xunta.gal

Mariño Rodríguez, María Luisa: malu.marino@edu.xunta.gal

ESO/Bacharelato.

Departamento de Artes Plásticas

Arredondo Viqueira, Amparo: amparoarredondo@edu.xunta.gal

Departamento de Ciencias Naturais

Míguez Rodríguez, Luis José : luismiguez@edu.xunta.gal (Coordinador Máster profesorado)

Vázquez fernández, Alba: alba.vazquez.fernandez@edu.xunta.gal

Santos Regueiro, Josefa Margarita: margosr@edu.xunta.gal

Departamento de Economía

González Feijoo, María del Carmen: mariagonzaf@edu.xunta.gal

Departamento de Educación Física e deportiva.

Ferreiro Romar, Emilio: emilioferreiro@edu.xunta.gal

Rodríguez Moure, José Manuel: jmmoure@edu.xunta.gal

Departamento de Filosofía

Ardid Vera, José : jose.ardid@edu.xunta.gal

Departamento de Física e Química

del Pozo Toscano, Pedro Joaquín: pedro.delpozo@edu.xunta.gal (Responsable Biblioteca)

Ramos Vázquez, José Ramón: jramos.ou@edu.xunta.gal

Departamento de Francés

de Blas Fernández, Begoña: bde.blas@edu.xunta.gal (Dirección)

Lourido Romeu, Begoña: blromeu@edu.xunta.gal (Coordinadora Igualdade)

Maynadier, Géraldine: gmaynadier@edu.xunta.gal

Departamento de Inglés

Calo Romay, Olalla: olalla.calo@edu.xunta.gal

Puga Vidal, Noemí: npuga@edu.xunta.gal (Coordinadora Secc. Bilingüe)

Otero Quintela, M^a Pilar: potero@edu.xunta.gal

Vázquez vázquez, José Manuel: josephpaddy@edu.xunta.gal

Departamento de Latín

Rama Faya, María Carmen: ramafaya@edu.xunta.gal

Departamento Lingua Castelá e Literatura.

Álvarez Aller, María Amelia: aller@edu.xunta.gal

Bascuas Domínguez, María: mariabascuas@edu.xunta.gal (Xefatura de Estudos)

Martínez Gradín, Pablo Jesús: martinezgradin@edu.xunta.gal

Sanmartín Fernández, Juan Carlos: juansanmartin@edu.xunta.gal

Departamento Lingua Galega e Literatura.

Míguez García, Jorge: xurxomiguez@edu.xunta.gal

Pérez Vázquez, Libia: libiaperez@edu.xunta.gal (Coordinadora Dinamización de convivencia)

Teira Cadaba, María Rosa: mariarosateira@edu.xunta.gal

Varela Pombo, Sonia: sonia.varela.pombo@edu.xunta.gal (Coordinadora Dinamización EDNL).

Departamento de Matemáticas

García Alonso, Rocío Victoria: rocio.garcia.alonso@edu.xunta.gal

Gómez Zamora, María: mgz203@edu.xunta.gal

Oreiro Rey, María del Rocío: rocioreiro@edu.xunta.gal

Paredes Sánchez, Andrés: andres.paredes@edu.xunta.gal

Rodríguez Ferro, Inmaculada: inmaculadarodriguez@edu.xunta.gal

Departamento de Música

González Martínez, Andrés: andresgonzalezmartinez@edu.xunta.gal

Departamento de Orientación

Del Río Del Río, Verónica: veronicadelrio@edu.xunta.gal

Dorado Rodríguez, Isabel C: idorado@edu.xunta.gal

Vázquez Fraga, María Piedad: mapivazfra@edu.xunta.gal

Departamento de Relixión Católica

Moldes Fernández, Miguel Fernando: miguel.fernandomoldes@edu.xunta.gal

Departamento de Tecnoloxía

Lalinde Carrasco, M^a Elena : elenalalinde@edu.xunta.gal

Tarrío Tato, Esther: esthertt@edu.xunta.gal (Vicedirección Responsable de equipo de AACCEE)

Rodríguez Docampo, Carla: crdocampo@edu.xunta.gal

Departamento de Xeografía e Historia

Arroyo Saco, Miguel: miguel.arroyo@edu.xunta.gal

Blanco de la Fuente, María José: majoblanfu@edu.xunta.gal

Collazo García, Silvia: silviacollazogarcia@edu.xunta.gal

Figuroa Paz, Adela Clorinda: afpaz@edu.xunta.gal (Coordinadora Formación do Profesorado)

5.8 Comisión de Coordinación pedagóxica. CCP.

A CCP está formada por tódolos Xefes de Departamento xunto coa profesoras de Pedagogía Terapéutica ,Coordinadora de FCT, os Xefes de Estudos diúrno e adultos, a coordinadora do EDLG e a Dirección do centro.

5.9 Tutores de grupo. Curso 22-23.

Hora de atención a pais/nais: [cita previa](#).

Listado profesorado titor ESO/BAC curso 23-24

1ºESO A	Olalla Calo olalla.calo@edu.xunta.gal
1º ESO B	Andrés Paredes andres.paredes@edu.xunta.gal
1º ESO C	Miguel Arroyo miguel.arroyo@edu.xunta.gal
2º ESO A	Alba Vázquez alba.vazquez.fernandez@edu.xunta.gal
2º ESO B	Mª Rocío Oreiro rocioreiro@edu.xunta.gal
2º ESO C	J.M. Rodríguez Moure jmmroure@edu.xunta.gal
3º ESO A	Silvia Collazo silviacollazogarcia@edu.xunta.gal
3º ESO B	J. Margarita Santos margosr@edu.xunta.gal
3º ESO C	J.M. Vázquez josephpaddy@edu.xunta.gal
3º ESO PDC	Libia Pérez libiaperez@edu.xunta.gal
4º ESO A	Rosa Teira mariarosateira@edu.xunta.gal
4º ESO B	Amelia Álvarezaller@edu.xunta.gal
4º ESO C	Inmaculada Rodríguez inmaculadarodriguez@edu.xunta.gal
4º ESO PDC	Pablo Jesús Martínez martinezgradin@edu.xunta.gal
1º BAC A	Sonia Varela sonia.varela.pombo@edu.xunta.gal
1º BAC B	José Ardid jose.ardid@edu.xunta.gal
2º BAC	Mª Pilar Otero otero@edu.xunta.gal

Listado profesorado titor ciclos formativos curso 23-24

1º Ciclo medio de Operacións de laboratorio	Maribel Bares López: maria.isabelbares@edu.xunta.gal
2º Ciclo medio de Operacións de laboratorio	Rosa Rojo Oróns: rosarojo@edu.xunta.gal
1º Ciclo superior de Laboratorio de análise e control de calidade	José Ángel García Caamaño: jose.angelgarcia@edu.xunta.gal
2º Ciclo superior de Laboratorio de análise e control de calidade	Carlos I. de Paz Villasenín: cdepaz@edu.xunta.gal
1º Ciclo superior de Química Industrial	Olalla Ponte Justo: oponte@edu.xunta.gal
2º Ciclo superior de Química Industrial	Jesús M. Moldes Peñas: jmmoldes@edu.xunta.gal
Ciclo superior de Laboratorio de análise e control de calidade (A)	Yolanda Lista Periscal: yolandalista@edu.xunta.gal

Ciclo superior de Laboratorio de análise e control de calidade (B)	M ^a Pilar Macía Rodríguez: pilarmacia@edu.xunta.gal
1º Ciclo superior de Química Industrial Dual Repsol	Alba Souto Rodríguez: albasr@edu.xunta.gal
1º Ciclo superior de Química Industrial Dual Hijos de Rivera	Irene Derungs Ollero: iderungs@edu.xunta.gal

5.10 Consello Escolar.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR CURSO 2023/2024

Directora: Begoña de Blas Fernández

Secretaria: Aurelia E. Rivero González

Xefes de estudos:

Diúrno: María José Bascuas Domínguez

Nocturno: D. Mariano Pazos Afonso

Profesorado:

Dna. Ana María Blanco-Rajoy Sánchez

Dna. Aurora Criado Montero

Dna. Adela C. Figueroa Paz

Dna. Begoña Lourido Romeu

Dna. María Pilar Macía Rodríguez

D.Luis Míguez Rodríguez

Dna. Alba Souto Rodríguez

Alumnado:

Non público por protección de datos

Pais/nais/representantes legais:

Dna. Concepción Alonso Andrés (ANPA)

Dna. Susana Fernández

Persoal administrativo:

D. Luis Andón Lamas

Representante do concello:

D. Celestino Pérez Recarey

Representante da empresa:

Dna. Ana Tordable

5.11 Equipo de Biblioteca.

Pedro del Pozo (coordinador da Biblioteca)

Ana Canosa

Carmen Rama

6 CALENDARIO ESCOLAR DO CURSO 2023-24

Actividades Lectivas:

11.09.23 – 21.06.24, ambos incluídos.

Nadal: 22/12/23- 07/01/24, ambos incluídos

Entroido: 12, 13 e 14/02/24

Semana Santa: 25/03-01/04/24, ambos incluídos.

Festivos nacionais: 12/10/23, 1/11/23, 6 e 8 /12/23 e 01/05/24

Día do Ensino: 07/12/23

Día das Letras galegas: 17.05.2024

Días de elección polo centro: **13 de outubro de 2023 e 20 de maio de 2024**

(pendente de aprobación por Xefatura territorial)

Datas das Avaliacións.

ESO.

- 1ª Avaliación: 30 novembro - 5 de decembro.
- 2ª Avaliación: semana do 18 de marzo.
- 3ª avaliación /avaliación final: a partir do 21 de xuño.

Bacharelato:

1º Bacharelato

- 1ª Avaliación: 30 novembro- 5 de decembro.
- 2ª Avaliación: semana do 18 de marzo.
- 3ª Avaliación/av. final ordinaria: a partir do 10 de xuño.
- Avaliación extraordinaria: a partir do 21 de xuño.

2º Bacharelato

- 1ª Avaliación: semana do 20 de novembro.
- 2ª Avaliación: semana do 26 de febreiro.
- Avaliación final: semana do 13 de maio (pode haber lixeiras variacións pois a CIUG aínda non informou do calendario para este curso).
- Avaliación extraordinaria: a partir do 21 de xuño.

Ciclos formativos

1º de Ciclos formativos (ordinario):

- 1ª Avaluación: 20 de decembro
- 2ª Avaluación: 21 de marzo
- 3ª Avaluación: 5 de xuño
- Final: 25 de xuño

2º de Ciclos formativos (ordinario):

- 1ª Avaluación: 20 de decembro
- 2ª Avaluación: 14 de marzo
- Final: 25 de xuño

Ciclos formativos (Modular):

- 1ª Avaluación: 19 de decembro
- 2ª Avaluación: 22 de marzo
- 3ª Avaluación: 5 de xuño
- Final: 25 de xuño

1º Química Industrial DUAL Repsol:

- 1ª Avaluación: do 27-30 de novembro
- 2ª Avaluación: 8-15 de marzo*
- 3ª Avaluación e final: 2-6 de setembro

1º Química Industrial DUAL Hijos de Rivera:

- 1ª Avaliación: 20 de decembro
- 2ª Avaliación: 12 de abril*
- 3ª Avaliación e final: 2-6 de setembro

*As datas de avaliación das modalidades Dual poden estar suxeitas a modificacións por necesidades das empresas.

7 OFERTA FORMATIVA PARA O CURSO 23-24

7.1 ESO e Bacharelato

O centro imparte as etapas de Educación Secundaria Obrigatoria, de 1º a 4º curso da ESO e a etapa de Bacharelato, 1º e 2º curso.

En Bacharelato impártense as modalidades de Científico-Técnico e Humanidades e CC Sociais.

O noso alumnado pode descargar os impresos de matrícula na web.

[Ver aquí a oferta formativa](#)

7.2 Oferta Ciclos formativos

O centro oferta tódolos anos:

- Ciclo de grao medio de operacións de laboratorio: son 2000 h repartidas en dous cursos.

Curso	Módulo	Duración
1º	Química aplicada	240 h
1º	Mostraxe e operacións unitarias de laboratorio	213 h
1º	Probas fisicoquímicas	187 h
1º	Seguridade e organización no laboratorio	133 h
1º	Almacenamento e distribución no laboratorio	80 h
1º	Formación e orientación laboral	107 h
Total 1º (FCE)		960 h
2º	Principios de mantemento electromecánico	105 h
2º	Técnicas básicas de microbioloxía e bioquímica	123 h
2º	Operacións de análise química	156 h
2º	Ensaio de materiais	123 h
2º	Servizos auxiliares no laboratorio	70 h
2º	Empresa e iniciativa emprendedora	53 h
Total 2º (FCE)		630 h
2º	Formación en Centros de Traballo	410 h

- Ciclo de grao superior de Laboratorio de análise e control de calidade (réxime ordinario): 2000 h repartidas en 2 cursos.

Curso	Módulo	Duración
1º	Mostraxe e preparación da mostra	213 h
1º	Análises químicas	320 h
1º	Ensaio físico-químicos	160 h
1º	Ensaio microbiolóxicos	160 h
1º	Formación e orientación laboral	107 h
Total 1º (FCE)		960 h
2º	Análise instrumental	226 h
2º	Ensaio físicos	123 h
2º	Ensaio biotecnolóxicos	105 h
2º	Calidade e seguridade no laboratorio	123 h
2º	Empresa e iniciativa emprendedora	53 h
Total 2º (FCE)		630 h
2º	Proxecto de laboratorio de análise e de control de calidade	26 h
2º	Formación en Centros de Traballo	384 h

- Ciclo de grao superior de Química Industrial en réxime ordinario: 2000 h repartidas en 2 cursos. Este ciclo ten convenio específico coa empresa Repsol.

Curso	Módulo	Duración
1º	Transporte de sólidos e fluídos	160 h
1º	Operacións básicas na industria química	266 h
1º	Mantemento electromecánico en industrias de proceso	133 h
1º	Formulación e preparación de mesturas	107 h
1º	Acondicionamento e almacenaxe de produtos químicos	107 h
1º	Prevenición de riscos en industrias químicas	80 h
1º	Formación e orientación laboral	107 h
Total 1º (FCE)		960 h
2º	Organización e xestión en industrias químicas	70 h
2º	Xeración e recuperación de enerxía	157 h
2º	Reactores químicos	140 h
2º	Regulación e control de proceso químico	210 h
2º	Empresa e iniciativa emprendedora	53 h
Total 2º (FCE)		630 h
2º	Proxecto de industrias de proceso químico	26 h
2º	Formación en Centros de Traballo	384 h

En 1º curso deste ciclo superior desenvólvese o Programa de sección bilingüe inglés, no módulo de Formulación e preparación de mesturas.

- Ciclo de grao superior de Laboratorio de análise e control de calidade (réxime adultos): ten diferentes itinerarios que permiten completar as 2000 h en tres, catro ou cinco cursos académicos, dependendo do tempo do que dispoña a persoa para o estudo. Os módulos son os mesmos que o ciclo de ordinario, cambiando o reparto destes segundo o itinerario. [Ver horarios curso 2023/2024](#).
- Ciclo de grao superior de Química Industrial modalidade Dual: repartida a formación entre centro educativo e empresa en 2 cursos. Este curso cóntase con dous grupos: un deles ten convenio específico coa empresa Repsol (6ª promoción) e o outro grupo ten convenio coa empresa Hijos de Rivera (3ª promoción) e convócase cada dous anos: neste curso académico ofértase 1º e no vindeiro curso 2024/2025 realizarase 2º. Os módulos son os mesmos que no ciclo de ordinario, aínda que o seu reparto entre os cursos non. O número de horas de formación no centro educativo (FCE) tamén é distinto, xa que parte destas horas asúmeas a empresa:
 - Dual Repsol, arredor do 54% das horas dos módulos realízanse no instituto e o resto na empresa. [Ver convenio](#).
 - Dual Hijos de Rivera: o 63% das horas dos módulos realízanse no instituto e o resto na empresa. [Ver convenio](#).

8 ORZAMENTO DO CENTRO

Este é o [enlace ao orzamento](#) aprobado para o ano 2023 polo Consello Escolar, segundo as previsións de gastos que se veñen realizando anos anteriores. As previsións de gastos para o curso escolar 2023-24 sitúanse dentro dos orzamentos que se envían desde a Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidade. Ao longo do curso apróbanse proxectos que nos aportan ingresos adicionais aos gastos de funcionamentos.

A maiores dos [importes asignados pola Consellería](#) para os gastos de funcionamento e do Fondo Social Europeo, dos que faltan por ingresar o 30 % (pouco máis de 40.000,00 €), ingresaron desde o mes de xullo:

- 12.000,00 € posta en marcha e desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 23/24-dual.
- 5.000,00 € para o Programa Aulas de Emprendemento na FP.

Estas dúas contías son para gastar antes do 30 de decembro.

Queda pendente o ingreso de 354 € de proxectos do fomento do uso de galego nos centros públicos, que foi xustificada en xuño do curso 2022/23.

9 PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

A programación de AACCEE será aprobada, se procede, polo Consello escolar en tempo e forma e estará a disposición da Comunidade educativa no apartado [Vicedirección](#), na web do centro. ([Programación de AACCEE 23/24](#)).

Pode consultarse o blogue de Vicedirección www.sardiplus.blogspot.com para seguir a actualidade da comunidade educativa.

10 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E APLICACIÓN NO PRESENTE CURSO.

MEDIDAS XERAIS

- Oferta de materias troncais e opcionais flexibles: Proxecto Competencial / Proxecto competencial bilingüe/Relixión católica e evanxélica; 1ª Lingua Estranxeira Inglés/Francés; optatividade: Cultura Clásica, 2ª Lingua Estranxeira, Educación Dixital...
- Desdobres nos 1º e 2º ESO .
- Programa PROA+

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE INDIVIDUALIZADAS:

➤ ORDINARIAS

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobres en 1º e 2º ESO e reforzo educativos
- Programas específicos de enriquecemento curricular e para alumnado que non promociona.
- Programas de recuperación para as materias pendentes.
- Programa de habilidades sociais dentro do Plan de acción tutorial
- Exención da 2ª lingua estranxeira, nos termos establecidos na normativa.
- Exención da lingua galega, nos termos establecidos na normativa.
- Exencións e/ou adaptacións das materias de Música e EF.

➤ EXTRAORDINARIAS

- Adaptacións significativas do currículo (ACS).
- Apoio das Profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica dentro da aula.
- Persoal coidador e Intérprete lingua de signos.
- PDC (Programa de Diversificación Curricular) en 3º ESO e 4º ESO.
- Grupos adquisición de linguas
- Atención educativa a alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

11 DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O noso principal obxectivo no centro vai ser apoiar, promover e dinamizar o uso habitual da lingua propia en todos os ámbitos e contextos posibles.

Para isto, convén diferenciar eses variados ámbitos nos que nos imos mover:

1. En relación coa contorna sociolingüística do centro

Loitar contra a situación de diglosia existente en diferentes contextos nos que o castelán é, claramente, a lingua con vantaxes adquiridas.

Facer que a lingua sexa valorada como un ente de identidade, modernidade e progreso.

2. En relación coa actuación do profesorado

Motivar e involucrar o profesorado a que empregue o galego tanto na escrita coma na oralidade espontánea, así coma axudalos a depurar posibles prexuízos fosilizados.

Implicar o maior número de Departamentos nas actividades promovidas polo EDL.

3. En relación coa situación do alumnado

Diminuír o desequilibrio existente na actualidade entre o nivel de uso oral da lingua galega e de uso escrito.

Procurar que o alumnado se sinta seguro e cómodo falando en galego en todos os ámbitos sociais para acadar, asemade, un dominio óptimo da variante estándar.

Favorecer os hábitos de lectoescritura na lingua de noso, colaborando así co Plan lector do centro.

Ensinar ao alumnado os beneficios da multiculturalidade e variación lingüística, aproveitando a mestura de nacionalidades que se dan no centro.

Amosar a cultura de Galicia non só a nivel académico e curricular, senón tamén a través das outras artes: música, teatro, cinema..., non só como patrimonio que debemos conservar senón como un axente vivo, dinámico e xerador de riqueza.

12 DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.

A biblioteca é un espazo de importancia relevante no noso centro. As liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar serán:

- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como "laboratorio creativo de aprendizaxes".
 - Tentar que o horario de apertura da biblioteca sexa o máis amplo posible. Disponible en calquera hora para todo o profesorado, tanto de xeito individual como acompañando ao grupo escolar que se determine.
 - Manter os criterios de adquisición de fondos xa instaurados nas anteriores programacións, intentando compaxinar a busca do equilibrio entre a diversidade dos soportes documentais a as necesidades escolares máis perentorias.
 - Recoller as suxestións dos departamentos do centro para atender ás súas necesidades.
 - Seguir co expurgo de documento. Asemade, seguir abertos a recibir doazóns dos expurgos da Biblioteca Pública da Sagrada Familia e a aceptar doazóns particulares.
- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
 - Difusión e promoción dos recursos da biblioteca a través de varias canles: o blog, a visualización das novidades en expositores diferenciados e móbiles, exposicións periódicas dos fondos existentes, e, contando coa colaboración dos titores, afacer o alumnado ao uso da biblioteca.
 - En colaboración cos distintos departamentos didácticos, dotar as aulas dun equipamento básico de material textual e audiovisual adaptado ás necesidades escolares observadas.
- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual "competencia dixital")

- Visitas concertadas de todos os centros adscritos e realizadas entre os meses de marzo e abril.
- Actuacións orientadas cara á formación de usuarios estarán fundamentalmente dirixidas ao alumnado de 1º de ESO e novos alumnos noutros niveis, e estarán centradas no coñecemento da organización e funcionamento da biblioteca a través dunha guía elaborada.
- En colaboración coas persoas titoras e cos departamentos didácticos implicados procuraremos que todo o alumnado participe nas actuacións propostas polo equipo de biblioteca.
- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).
 - De acordo co Proxecto Lector do centro as liñas de intervención fundamentais promovidas desde a biblioteca estarán orientadas a:
 - Coordinar o Plan Anual de Lectura (PAL), reunindo a información aportada polos diferentes departamentos didácticos.
 - Ampliar o espectro e complexidade de lecturas do alumnado mediante a colaboración cos clubs de lectura existentes no centro. Dadas as características do noso alumnado (contamos cunha significativa porcentaxe de alumnado estranxeiro) consideramos que é especialmente importante a escolla de títulos en galego para que, a través do lecer e non só con actividades académicas, reforcen o contacto coa nosa lingua.
 - Proseguir coa colaboración cos departamentos de orientación, galego e castelán para facilitarlles as actividades de apoio e reforzo que precisen os alumnos e as alumnas con algunha deficiencia na competencia lectora e colaborar co profesorado en materia de comprensión lectora.
- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.
 - Favorecer unha serie de iniciativas para que todo tipo de alumnado se sinta atraído pola biblioteca. A constitución do equipo de voluntariado, os xogos de mesa en equipo (jenga, mikado, scrabble, clases de xadrez...). A

actuación ao redor do clube de manga sería un exemplo destas actividades.

- Outras actuacións
 - Na medida que a carga horaria do equipo o permita, tentarase ofertar unha serie de actividades ao longo de todo o curso.
 - Colaboración con Vicedirección en concursos e efemérides.
 - Ciclos de conferencias divulgativas impartidas polo profesorado da UDC. Conferencias realizadas baixo o abeiro do Programa de fomento da lectura do MEC. Organización dunha Semana cultural, no mes de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, encontros con autores , obradoiros, actuacións,...
 - Colaboración cos departamentos didácticos organizadores do Día da Ciencia.
 - Concursos de investigación e documentación.
 - Colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística. Celebración do Día do libro coa actividade Leixapré (levas un libro e colles outro) e outras actividades de interese que xurdan.
- Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.
 - Implementar un cuestionario online a fins de curso para coñecer o impacto da acción da Biblioteca no Centro.

Horario da biblioteca: A biblioteca permanecerá aberta en período lectivo durante todo os recreos, de 10:25 h a 10:45 h e de 12:25 a 12:45 h. Ademais, estará aberta no horario indicado na biblioteca.

13 UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

Na actualidade o centro conta con dous edificios: un edificio (gris) para ESO e Bacharelato, e un edificio (rosa) para Ciclos Formativos da rama Química. O número de alumnos é nestes momentos de case 600 alumnos/as.

O instituto ten como centros adscritos aos colexios Rosalía de Castro, Xosé Cornide Saavedra, Wenscelao Fernández Florez, e Karbo.

O centro conta cunha zona axardinada que rodea na súa totalidade ao edificio gris onde se imparte a ESO e o Bacharelato e que conta con todos as árbores autóctonas de Galicia.

No edificio rosa impártense os Ciclos Formativos da familia química. O IES A Sardiñeira é un centro dotado das seguintes instalacións:

- O edificio gris (ESO e Bacharelato) consta de sótano, baixo e dúas plantas.
 - No sótano este edificio conta con: un almacén, caldeiras, cuartos de electricidade, etc.
 - Na planta baixa está a biblioteca, a sala de profesores, despachos de Dirección, Xefatura e Vicedirección, sala de xuntas, unha sala de titorías, a cafetería, a conserxería (antiga vivenda do conserxe), a clase de Música, aulas ordinarias, un departamento, unha sala polivalente, tres aseos e un cuarto de limpeza.
 - Na primeira planta: Laboratorios, seis departamentos, local ANPA, aula de usos múltiples, aulas ordinarias, unha aula de plástica, despacho de Orientación, aula de PT (Pedagogía Terapéutica), dúas aulas de informática (unha con almacén de informática), catro aseos e cuarto de limpeza. Aula de mediación e aula de convivencia.
 - Na segunda planta: aulas ordinarias, unha aula de usos múltiples, unha aula de plástica, dous departamentos, dous aseos e un cuarto de limpeza.
- Edificio de Ciclos Formativos: Este edificio ten tres plantas, máis unha de almacén.
 - Na planta baixa: conserxería do edificio, oficina de secretaría para os dous edificios, despacho do Xefe de estudos de nocturno despacho de Secretaria,

sala de profesores de ciclos, dous laboratorios, un taller de tecnoloxía, un cuarto de limpeza máis almacén de limpeza, dous aseos, un arquivador e un cuarto de lavadora.

- Primeira planta: aulas, unha aula de informática, un taller de autómatas, cinco laboratorios, catro aseos e dous espazos de limpeza.
- Segunda planta: catro aseos, un cuarto de limpeza, seis aulas, unha aula de informática e catro laboratorios.
- Terceira planta: dous almacéns de produtos químicos e material de laboratorio, unha aula Tecnolóxica e dous aseos.

Ao redor dos dous edificios, contamos con:

Pavillón polideportivo (zona do edificio de Ciclos)

Pista Cuberta (parte posterior do edificio de Ciclos)

Ximnasio (zona do edificio de ESO-BAC.)

Aulas: Son o espazo básico de traballo do alumnado e profesorado.

Biblioteca: É o principal centro de recursos do centro. Nela recóllense tódolos fondos bibliográficos e os recursos didácticos. Desde aquí distribúense os recursos para a súa utilización nas aulas. Emprégase como centro de documentación, de lectura e de estudo.

Aula de música: Espazo básico para impartir a área de música, sendo ao mesmo tempo o lugar de depósito almacenaxe de todos os materiais relacionados con esta área. Este curso úsase como aula a sala de Usos múltiples e as aulas tradicionais, tamén.

Aulas de informática: A súa función principal é a de servir de aulas para informática, sendo á súa vez o lugar de depósito e almacenaxe de parte do material informático.. Tamén se utiliza como aula de formación para os diferentes membros da comunidade educativa.

Departamentos didácticos.

Espazo de reunión e traballo dos Departamentos e almacén de materiais didácticos. Nalgúns Departamentos impártese docencia ou aténdese ao alumnado.

Pistas deportivas: Xunto co resto dos patios, empréganse para xogos e lecer nas horas de recreo, así como para outras actividades, docentes ou non, ao aire libre.

Pavillón polideportivo: É o espazo básico, ademais do Patio Cuberto e as Pistas Polideportivas, para a Educación Física. Tamén é utilizado por outras asociacións fóra do horario lectivo.

Salas de usos múltiples: este curso utilízase como aula e en contadas ocasións para reunións do profesorado.

Corredores: Ademais de como elementos de comunicación, considéranse como lugares axeitados para expor traballos e para visualizar materiais, compartido por todos os membros do Centro.

Aseos: Ademais do seu uso ordinario, os aseos deben ser un lugar primordial no desenvolvemento de hábitos de hixiene para todo o alumnado.

Patios A súa finalidade é a de ser o espazo básico para xogos e lecer en horas de recreo. este curso é necesario respectar os espazos distribuídos para os diferentes cursos.

Laboratorios: espazos de formación, práctica e impartición de docencia.

O profesorado usuario/responsable das distintas instalacións deben comunicar as incidencias, desperfectos ou necesidades ao correo do centro, indicando a data e a incidencia ca maior concreción posible co gallo de solventala.

14 PLAN ANUAL DE LECTURA.

Os Departamentos didácticos recollen nas súas programacións un apartado dedicado á contribución das materias impartidas ao Plan Lector do centro.

O Proxecto Lector pódese consultar [aquí](#).

15 INTEGRACIÓN DAS TICS: Plan Dixital.

A integración das TICS é indispensable no contexto educativo e moito máis tendo en conta a situación actual. Durante este curso o equipo TIC do centro continuará prestando unha especial atención e apoio ao profesorado e ao alumnado. Todo o profesorado traballa coas diferentes plataformas corporativas para garantir a docencia en caso de semipresencialidade ou ensino on line.

Actuacións postas en marcha este curso:

- Materias de Intelixencia Artificial, Tecnoloxía e Dixitalización, Dixitalización e as de TIC de Bacharelato.
- As novas tecnoloxías como recurso educativo: úsanse as novas tecnoloxías como ferramentas de aprendizaxe e adquisición de coñecemento nas diferentes materias.
- Idiomas. Práctica de diversos idiomas á hora de establecer chats, meets e contactos con alumnado doutros países.
- Habilidades sociais. Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo necesaria para coordinar e levar a cabo actividades relacionadas coa construción e elaboración de vídeos, presentacións, etc.
- Coordinación do profesorado por Webex: CCP, claustros,...

- Coordinadora Plan dixital: Esther Tarrío Tato.
- Asesoramento do Equipo TIC ao profesorado.
- Este curso continuaremos a estender o uso das TIC á totalidade do profesorado coa utilización de Aulas virtuais, plataforma Abalar e correo electrónico para a comunicación coas familias.
- Revisión e actualización do Plan Dixital de Centro

16 NORMAS DE CONVIVENCIA.

O Instituto debe ser un lugar de convivencia no que tódolos membros da comunidade educativa teñen dereito a ser tratados co debido respecto e así mesmo o deber de tratar ós demais co mesmo respecto.

O Instituto é un lugar de traballo para alumnado e profesorado. Os estudantes teñen o dereito a recibir unha formación axeitada e o deber de participar con aplicación e esforzo nas actividades de formación que se desenvolven na súa aula.

As NOF foron aprobadas o 27 de xaneiro de 2022 polo Consello escolar e [pode consultarse aquí](#).

O Plan de Convivencia será rematado, previsiblemente, neste curso escolar.

Insistimos fundamentalmente no significado do centro como espazo de traballo e convivencia, na puntualidade, na limpeza e respecto do edificio e do material escolar e na utilización controlada das novas tecnoloxías.

Puntualidade:

O alumnado deberá asistir puntualmente ás clases, aos exames e demais tarefas docentes segundo o horario correspondente. A acumulación de tres faltas de puntualidade inxustificadas no mesmo mes será considerada unha conduta leve contraria á convivencia escolar e conlevará o correspondente parte.

É indispensable lembrar que a utilización de teléfonos móbiles e de aparatos multimedia está prohibida no recinto do centro.

O alumnado de ensino obrigatorio non ten permiso para a tenencia e uso do móbil no

recinto escolar, agás nos armariños que o centro pon a súa disposición para tal efecto.

O uso do móbil no recinto escolar /dentro e fóra dos edificios) só está permitido para a realización de actividades académicas, ca supervisión e autorización do profesor/a.

Son de especial gravidade, as condutas de agresión verbal ou física, así como o acoso escolar e a tenencia de obxectos potencialmente perigosos para a integridade física de calquera membro da comunidade educativa.

17 AVALIACIÓN DA PXA

A PXA debe estar suxeita a un proceso de avaliación continuada a través da análise interna, nas reunións semanais do equipo de dirección, por un lado, e da análise das suxestións xurdidas nas sesións dos diferentes órganos do centro.

A memoria final recollerá unha avaliación desta PXA segundo a seguinte rúbrica. A PXA será sometida a unha avaliación final a través da Memoria de curso.

	Grao de consecución 1, 2, 3, 4, 5 (1 mínimo-5 máximo)	Observacións
Obxectivos		
Documentos de centro Actualización e revisión		
Comunicación e coordinación entre o profesorado		
Comunicación cas familias		
Plans e programas		
Participación do alumnado no centro		
Participación das familias no centro		
Adaptación do centro á situacións imprevistas		
Servizos complementarios		
Normas de convivencia		